

A ROSA · CERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 87

A CRUÑA 25 DE ABRIL DE 1919

O REXURDIR DO TEATRO GALEGO

Inaugurazón do noso Conservatorio

Estrenouse "A mán de Santiña"

A persentación ó público dos alumnos do Conservatorio Nacional de Arte Galego, constituiu un verdadeiro éxito. E isto prodúcenos unha fonda felicidade. O director da sección de Declamación don Fernando Osorio pode estar satisfeito. Poden estar satisfeitos tamen os que sinten o galeguismo e queren un arte da Terra, enxebre e grande.

Os xornás dixeron xa canto convifia respeito á soleidade literario-artística do día 22 pasado.

O discurso de presentación do primeiro conselleiro da Irmandade, Lois Pena Novo foi moi gabado por cantos o escotaron. Falou elocuentemente sobre os nosos valores artísticos e sobre a trascendencia de axudar ó desenvolvemento do propio arte.

O pasatempo portugués de Marcelino Mezquita "Unha anécdota", dou ocasión para que se decatara o público de que no teatro lusitano hai autores notabres, dous de se ollaren con interese polos galegos e tamén para que as grandes facultades do xoven e gran actor don Fernando Osorio poidan amostrarre craramente. Osorio é un actor de carácter notabilísimo e elsi o apreciou o público apraudindoo con entusiasmo.

O estreno de "A mán de Santiña", foi a consagración do idioma galego; a demostración de que o noso doce e rico idioma sirve e axéltase para expresar as delicadezas do sentimento e os matices de dicción más finos e sotiles.

Esta fermosa farsada en dous pasos do xenial poeta da Raza, Ramón Cabanillas, sinala o camiño reto para o trunfo do noso teatro nacional. "A mán de Santiña", man branca e pequenina, man millagreira de seu pola gracia do arte, será como heraldo no portico cheo de las, de cōtes e soidos, polo que os novos escritores galegos teñen que entrar ó templo da beleza que leve a doce llugua patria por Clemente.

O mestre Brage, iste músico inspirado que tantas cousas leva feitas, compuxo para o prólogo da farsada de Cabanillas un recital galeguismo que conquistou muitas e xustas loubas.

E qué d'cir dos alumnos do "Conservatorio"? As distintas e fermosas señoritas que interpretaron os persoaxes femeninos de "A mán de Santiña", demonstraron seren madeira d'artistas notabres. O mesmo a protagonista, que no seu difícil papel de nenainxénua estivo encantadora, que a que facía de Marirosa elegante e apaixoadá—e a que se chamou Rosario na escea—tan bonita coma un caravel—e a que caracterizada de vella enferma, de Misia Mañuela, dou a impresión desexada polo autor,

todas, vistindo, ademais, con molto gusto, compuñeron un cadro cheo de beleza e arte.

E os actores foron dous das actrices. Lois Lafuente, arrogante e dono d'urha voz admirabreamente timbrada, fixo un don Salvador que era espello de fidalguía; Edreira, compuxo un Ricardo ben entendido; Xerardo Roel, un Alcalde, que era a verdá mesma; Victor Casas, un criado do Pazo, moi en papel, e o románti-

de soa, da nosa Terra, ante elas unha moi querendosa do marqués de Figueiroa, e outra de Rey Soto.

O ilustre autor de "Vento mareiro", como disculpa de non asistire á representación de "A mán de Santiña", na Crux, mandou a seguinte carta ó Sr. Villar Ponte:

"Meu irmán querido:

A carta vos a unha de Castelao, que me chegaron xuntas esta mañán, puxeronme a morte: alá se meteron peito adentro rachando todo o que atoparon por diente.

¡Non estaré con vosco! Con vosco que sodes para mí mais que o trunfo ou a caída e que estados para mí mais alá das risas e das bágoas porque sodes a miña Terra! ¡Como serán de fortes e trabadas estas cordas que me atan que fai vintaoito días que non me foi dado darlle un bico ós meus fillos! ¡Non pode ser! Inda non fai unha hora que Palacios e eu estivemos dando voltas ó caso e non saímos do atranco. Mañán teño que pasal-o día en Vigo. Si o teléfono volve o seu, pediré unha conversa contigo.

A's señoritos Carmela Meléndrez, Loisiña Castelo, Esther Carballo e a outra Carmiña, a Osorio, a Roel, Edreira, Lafuente, Casas e Varela, a todos díllas que quedo de xoenllos pedindolles perdón. ¡Eu creio que si chamades polo autor pode sair Carballa! ¡Coido que antra a sua cara e a miña hai menos que de Cambados a Sanxenxo!

Ademáis teño que contarche que eu son pouco home para darlle cara á xente neses casos. Si foran de temer unhas pedradas, ten por certo que me terfades diante, onde cairan mais a miúdo: ti me verás o dia da revolta!

Si me tomades a mal a cousa, abofé que non seredes xustos. Non perderé hora en traballar todo o que poido e conto que non tardaré moito tempo en levarche e en lerche unha obría que poida que se chame "O señor Abade ten mal xenio...."

Perdón! Cen veces perdón! E créde-me que, con todo, si tivera xeito d'elo con vos outros estaría aunque tivera que poñel-o corazón do revés.

Voso, sempre voso,

R. CABANILLAS.

¡Terra a nosal!,



Ramón Cabanillas

co tipo de don Pedro—deixámolo mestre para o derradeiro—tivo no director do "Conservatorio", don Fernando Osorio, unha plástificación notabilísma.

Merecerán seren recordados con agrados todos estes rascas e señoritas que terán o seu premio mellor cando imprimenda "A mán de Santiña", vixe os seus nomes, para nós tan queridos, vivendo no reparto da fermosa obra.

Camillo Díaz, noso irmán honorario, foi o gran pintor escenógrafo de sempre. As duas decoracións que percisa a farsada, fixo-as con tanto amore, que daban impresión da mesma realidade. Duas obras d'arte escenográfico que foron e han seren inda más gabadas.

* * *

Ramón Cabanillas, recibiu moitas felicitacións co motivo do seu estreno. E sigueas recibindo ainda. De todos os literatos e artistas

Como se ve, Cabanillas animado pol-a sua primeira produción teatral, prepara outras. O notabre literato Porto Rey, autor da conocida novela "Fermosinda", xa ten entregado ó "Conservatorio", outra obra orixinal. Quintanilla, Taibo e López Abente oféccennas tamén. E hasta o xenial Castelao, esta gloria que é unha das mais lexitimas da nosa Terra, móstrase animado a facer un ensaio que de levalo á realidade resultaría cousa trascendente. El tamén artista, tan ouservador, home tan enxebre e de gusto tan depurado, pódese asegurar que, de levar ás coartillas os seus pensamentos, triunfaría no empeño.

Castelao, a quien lle debe un homenaxe d'eterna gratitud a Galicia intelectual, asistiu ó estreno de "A mán de Santifia", na compaña d'un irmán do autor.

Demostrou unha vez mais ser o apóstol aceso dos nosos valores artísticos.

"A man de Santifia", tivo cinco representacións seguidas na Cruxia.

Isto non se recorda que acontecera endexamais con ningunha obra de teatro na nosa Terra.

Vede agora a autocritica que Cabanillas fixo d'"A mán de Santifia":

"A farsada quere ser un anaco de vida que topel ó pé da porta.

Santifia vive, e Díos daralle, para ben de todos os que nos enche do rayolas de sol de primaveira, muitos anos de vida doce e axelada.

Santifia ten un libro de tapas de carey e broche de prata que leva a misa os días de festa e no que reza, ó saltar do leito, de xenzos diante de unha Nosa Señora de talla fina, as oracions da mariña.

Marca da folla na que escomenzan as pregarias mañaneras, e un papeliño no que unha man que escrifouna de pequenia e un corazón que adúrra como filla, esquivriron, outrora, estas lñas de benquerer:

Non pido que sejas santa;
chégame que sejas boa;
aguda que fíras, nou;
e, menos, mosquita-morta.

Os probes, pan e queutura;
os nenos, bicos e rosas,
os vellos, brazo e consolo;
a todos, alma ridora.

Erexia, toda a que quelras
sin esquencer que na chouza
hai que vivir a coelha
e que remenda-la roupa.

Musica e canto, un pouquillo
é condición que namora
e compre ser cantareira
sin chegar a cantadora.

Amores, pra unha mocía
son o choyo de mais conta:
palma! ¡vida! ¡corazón!
...o demais e pouca cousa.

Non é perciño ser santa:
que sejas galega abundal

Santifia lembrase todal-as mariñas das verbas copleiras e a elas axústa os seus días de Virxe san e xellosa.

Santifia e os seus falan galego. O que a leva o taboado non pensou mais que en amosar como é de mol e milagreira ó man das nosas mocías, o tesouro de dozura que gardan no corazón e canto ten de soave, de garlmosa, en belzos de muller, a nosa fala melga..

Língua imortal que agárdalo sopro do xenio para delitare unha forte cultura que te liberte da escravitude: no teu seo xermola, latexante e trunfal, o segredo da redenzón galega!

Língua melga, língua doce, língua musical, língua do noso traballo, língua na que se teñen augurado todal-as nossas libertades, língua universalizadora do noso llirismo, língua na que falaron d'amor a nobreza e a fidalguía medieval, língua de reis e poetas na que pidiu o Rei Sabio que lle cantaran ó morrer os seus amigos trovadores... ¡mállia do artista galego que non che reverencie con fervente agarimo!

No provenzal—un dialecto—escribiuse o poema mais universalizado e fermoso que Francia dou o mundo. No catalán se fixeron as obras de teatro e de ciencia que mais se teñen louvado no estranxeiro. En língua irmá e somellante á nosa, na lusitanía, froleceu unha literatura que s'ergue por riba de todal-as ibéricas. ¡A i-alma de cada povo está na língua de seu!

O Arte é expresión. Non pode ter arte propio, nin alma de seu, un povo que esquecendo a fala patria, fruto da Natureza, esprésase n'unha fala allea. Povo que isto fixera, ficaría condanado a eterna inferioridade reconecida por él mesmo.

N'este momento do resurdir do amor a Galicia, os aristócratas do sentimento e do pensamento serán somente aqueles que falar e escriben na língua natal. Inda non sendo—como é—o da língua unha causa trascendente, resultaría xeito señoril, xeito de bó gusto, polo simbólico, o emprego do galego.

Tod'a mocedad de positivo vestimento da nosa Terra, fala e escribe xa na língua patria. Artistas, catedráticos e demás homes cultos. Cántos aman as tradicións e os costumes dend'un senso futurista e novecentista, cántos saben, porque son conscientes, que a diferenciación é na das culturas que queren universalizárense. Cántos desean escribir con sangue: con sangue do espírito.

Os señores espirituás terán de seren sempre estes: os que aman o intento puro. Porque os que non ven da vida senón os éxitos materiais, resultan escravos con alma de Sanchos.

ADEVERTENZA

Poñemos en conocemento dos nosos leitores, i-en xeral de todol-os que se interesan polo causa galeguista, que na nosa administración háchase á venda—polo prezo d'un real—un folletín do distinto e culto correligionario ourensano señor Arturo Noguerol, nomeado co suxestivo e atraente título de «Parolas sobre a propiedá». D'el ocuparémonos na sección «Follas novas» do próximo número.

¡RENOVAZÓN!!

Fai poucas datas que fixeron a sua presentación no taboado do «Gran Guiñol», político-español unhos cantos persoaxes que, ainda que os que os dirixen están acostumados xa a esta crase de espectáculos e n'outras épocas foron admirados por algúns dos qu'asistiron as suas comedias, debutaron por esta vez, con tan pouca sorte, que todo o público está disposto a asubialos. Digo todo, apartando a aqueles que, incapaces de comprenderen nin de sentir un ideal, non poden pasar de adourar un ídolo, algunha causa ficticia, sin espiritualidade e que, polo mesmo, forzosamente ten que morrer con eles.

A farsada sigue. Cando escomezaban a chegar até nós ars renovadores, que ainda que muy débilmente, fagüian-los pensar n-un troque que non tardaría en sentirse devolvendo ós pobos ibéricos aqueles de-reitos que tanto tempo fai lle veñen sendo detentados por obra eiscrusiva d'unha hexemonía vergoniosa e d'un réxim de castas noxento, ollamos, abraiadados, como se dá un pulo pra atrais, gobernando novamente os políticos de sempre, funestos e fracasados...

Deixémolos que sigan desgobernando, que eu penso que eis chegaremos mais preto ó conqueringo do noso ideal; pois tantas tolerias siguen facendo os labercos e con tan pouca fortuna, que as concencias dos homes honrados están despertando e as suas vontades dispónense a dar remate d'unha vez pra sempre a todol-os procedimentos que deron marxin á nosa decadencia.

J. SARMIENTO

COMENTARIO D'AUTUALIDADE

O único camiño

Molto se leva repetido que a bárbara guerra europea foi unha guerra de redenzón, algo elxi como unha suprema lotta pol-a liberdade das nazonalidades asoballadas. E a forza de repetilo e a forza de ouvilo, foron moltos os que tal creron. O tópico callou, tomou corpo. E si ben é certo que algunas nazonalidades atoparon na contenda a sua liberación, tam-pouco é menos certo que ainda son moltos os pobos que ximen baixo a férula ombrona d'unha allea tutela. Pra que o mundo polda ollarse integrado totalmente por nazonalidades libres, sin pobos asoballados nin asoballadores, falla molto camiño que recorrer. E este camiño non terá de sere, certamente, o que a conferenza da Paz emprendeu. Os sentimentos da xustiza e da equidade diríase que ficaron esquecidos n-ela. Y-eis, anfrámentas que se liquidan os preitos nazonalistas que tiñan ou gardaban relación cos vencidos, ficán esmo-

recidos, gardados c' o pecho do esquecemento voluntario — o plor dos esquecimentos — aqueles preitos nazonistas que, directamente, afectan ós pobos vencedores. Unha vez más volta a praticárese aquel dito ten cheo d'essaltitude e tan real de xustiza e non pola miña cosa. ¿Qué outra causa son ou representan, slnón, as derradeiras rebeldías do nazonismo exípcio e Indio? A mesma altitude do pobo filipino demandando urgentemente a sua independenza e programándose maior d'edad que non confirma rigurosamente a existencia de nazonalidades asoballadas coás que pra nada se conta n'ista hora que a diplomacia ó uso pertende faguetos pasar por solemne?

Indubidablemente, houbo momentos nos que, por muitos, se puido crer n'una paz de liquidación de imperialismos e de amanzio de vellas y enredadoras custições territoriales. A equitativa fórmula do pacifismo que a ideología dos nazonistas preconiza como única que pode levar a un estado de verdadera paz; aquela cula síntesis conténese n'unhas verbas que o dramaturgo catalán Gulmerá pón nos belzos dun persoaxe seu faguéndolle decir «cada pobo ás suas fronteiras»; ista fórmula, n'unha verba, pareceu que iba a ter a sua consagración definitiva, e por ende que iba a determinar o comenzo da verdadera paz, da única paz, cando a voz do presidente norteamericano, dominando o estroncio das bocas de fogo, fixo surxir a esperanza d'uri arrebro mundial no que tan solo puldera tomar parte o bon desexo, a transición e a mútua tolerancia, unha viva arela d'equidade e xustiza, e como presidindo todo, o sentimento da fraternidade universal desarrollado de súpito trais a horrivel matanza. Pro todo pasou. Aquel dito tan corrente de que o inferno se hacha empedrado de boas intenzóns ficou desmostrado urha vez mais. Os xenerosos intentos wilsonianos paseuficamente foron perdendo aquello que tiñan de mellores. E a vella diplomacia cumpriu as mil maravellas o seu cometido de desvirtuálos completamente. Como de cote, os insanos apetitos, as baixas coblzas, os nacentes afans imperialistas son as virtudes hoxe postas en xogo pra decidir e resolver a liquidación do conflito mais barbararamente enorme que rexistra a Historia.

Todas as esperanzas dos inxentios que agardaban c' o término da guerra a iniciación d'unha era de paz, dificilmente crevable, poden ficar arrincoadas en espera de mellores tempos. Os autuas no serán ainda, de ningún xeito, os agardados. A conferenza da paz, que ten d'arreglar todos os preitos que a finada guerra deixou pendentes, nasceu con un deuento de orixen. Os homes que a integran son aqueles mesmos que coás suas intrigas e habilidades donaron orixen ós múltiples conflictos internacionais que visíeron precedendo a lucha mundial. N'eles, polo mesmo, difícilmente podería donarse o arrepentimento. Ixados como están por todos os prexulzos e por todos os convencionalismos do novocentismo. E persistindo n'eles todo ese lastre ausurdo e noxento (cómo agardar unha paz xusta, *pro in eternum*, de aqueles homes que solo serviron, cando non pra fomentar guerras pra preparalas? Cándido e mol cándido sería, pois, surdir propósitos d'enmenda en homes que, ó fin e ó cabo, son fillos do seu malo e do seu ambiente. Sin que se polda desconfiar de que se teña donado, coa paz que se prepara, un gran paso adiante no camiño da paz universal, forzosamente hay que convir en que o mundo da post guerra ten de ser moi pouco diferente o que denantes viña existindo).

Pensar en que se polda establecer unha paz sólida, firme, duradura antramentas hexa-

pobos incomprendos, esnaquizados por obra de rapazas imperialistas; ou ben, agriloados, fillos de liberdade, apréxios baixo a pouxa esmagante d'unha estrana hexa monxa, é pensar en quimelras. A paz solo poderá reinar e ser algo verdadeiro, algo terminante, cando ningunha patria se hache desintegrada y, en troques, cando todas se atopen compretas e sin irredentismos trastornadores. Estonces si que a Liga das Nazóns poderá ser un feito real, taxíbre; algo común a todos e pra todos os pobos; sin elscrusivismos, que sempre levan dentro de si o xérmen de futuras discordias, e con aquela amplitude de miras que encerran todos os pensamentos capitales. Mais p'ra que todo iso poida chegar, do único xeito que terá de chegare, cóntese conque chegará, será facendo por que nin o mais pequeno preito nazonista fique sin liquidar. Esi, solo esi, o pantasma da guerra terá de desaparecer pra sempre, e, sobro do mundo, erguerase de xeito definitivo a soma protectora d'unha paz perpétua e universal na que non se ouvirá mais estroncio qu'o das potentes maquinarias entoando o vibrante canto do traballo.

UN.

ENSAIOS

O inverno cativo

X'a se val o inverno;
x'a gris anduría
a que cantou Bécquer
en versos divinos,
deixa ouvir seus trinos,
e de lonxes terras
ven a visitarnos
c' o noso contento:
¡x'a gris anduría
anuncia o bo tempol
Xa se fol o inverno,
triste e cativiso...;
x'os páxaro voan
d'um lado pra outro
en busca de gramas
pra faguer seu n'fio;
x'os arbos frolicen,
vai sembrars'o millo;
¡x' o sol alumea
nos eidos queridos!

Mais, ¡ay!, qu'outro inverno
logo s'aproustma,
y-as froles d'os arbos
voltan a caerse,
y o sol, que da vida,
volve a esmorecerse;
eu xa s'nto o frío
do inverno cativo,
pois xa o vento zoa
con furia e con brío,
que mesmo arripa
que mesmo da grima.
¡Vaise a anduría...!;
pro como recordo
d'a sua visita
e d'o seu cañío
a nosa terrá,
¡délanos un n'fio!

XOSÉ BRAVO COLLAZO.
A Cruxia, 3-919.

A GRAMÁTICA GALEGA

INCÓGNITA DESFEITA

Sefiores Editores do "Compendio de Gramática Galega,"

Presentes

Meus sefiores: Despois de leer o artigo publicado na Voz de Galicia e firmado por F. M., e a resposta que vostedes lle dan, convenme aclarar:

1.º Que o "Compendio de gramática galega," está escrito por mim, valéndome pra facelo, ademas de alguma práctica que tefio na escritura do idioma galego, da "Gramática castellana," que me serviu para estudar sendo neno, na escola; d'urha "Gramática das escolas," (portuguesa) e da "Nova ortografía portuguesa".

2.º Que escribi o "Compendio de gramática galega," sin pretensiós, como o proba o non firmalo co meu nome, por xusgar que era un traballo necesario ou polo menos comenente, nestes tempos de rexurdimento galeguista, e

3.º Que o fixen en vista de que ninguén quería botar enriba de si un traballo tan pouco grato e que, estaba seguro, habería de merecer censura dos eruditos, dos sabios que en todo buscan nada mais que os defectos, non para corréxilos, senón pra teren o pracer de chantar os dentes nos homes de boa voluntá que, pese aos detractores, van facendo humildemente, modestamente, unha labor nobre e fecunda.

De vostedes att.º s. s.

LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS

A Cruxia, Abril de 1919.

COMENTARIOS

As mesnadas impenitentes

Rebuldan de ledicia os "homes de orden," os cerebros fósiles, os espíritos troglodíticos, os que, en lugar de mofos, tefien estopa ou aserrín na testa... Rebuldan... Xa temos outro Goberno, un novo Goberno, e muitas xentes brincan d'alegría como nenos con zapatos novos. Nas mesnadas fósiles e impenitentes, capaces de levar á bancarrota o creto d'unha nazón e ó abismo os destinos d'un Estado antes que resignarse a ser figuras ilustres na sua propia casa, dentro das paredes dausíticas e diante a admiración agardiosa da familia, houbo unha movilización xeneral é, desde agora mesmo, a Patria está salvada...

A causa non é de risa, pro n'esta Hispania deixada da man de Deus compre tomar en bromas os negocios nacionaes. D'outra manela seña perciso ter de cote as maus na c'beza e avergonzarse de vivir n'un meio político tan noxento e degradado.

Este novo Goberno é en primeiro termo, un insulto ós homes conscientes, un agravio ás ideas e as modernas orientacións dos povos cultos.

¿Concebídes n'estes tempos un Goberno que tefia, como o maurismo anacrónico, por Ideas as veillas lañas d'un conservadurismo estéril e valeiro, sin contidos substanciais, e por procedimentos as estúpidas pautas da autoridade a todo trance,—jo mito hispanol d'autoridadel—á forza, a censura, a acción xudicial y outras formas imbéciles e caducás, nas que tamén conqueriran o dereito á repulsa os chamados liberaes?

¿Qué val a facer este Goberno de pañaguados, de homes de rebusto, emparentados por un nepotismo que desde o primeiro momento, si en Hespafía houbera vergofia (que na hay namentras non se demostre o contrario) deberan poñer en peás multitudes, ca protesta viril nos belzos e a santa indignación nas almas?

¿Durará este Goberno sete días? ¿Poderá soportalo un povo que non haza perdido un derradeiro resto de dignidade e que tefia concenza de si mesmo?

¿Pode hoxe, dende 1917 (fal d'esto dous séculos) gobernar unha nazón un partido amorfio, sin soluzóns de ningun xeito, feito por unhas homes que non tefien nozón da Europa e que viven catro centos anos retrasados?

Hespafía está xuzgada. Eu penso que estivo agardando estos días pra dar dificultivamente, diante do mundo civilizado, a sensazón de que é un povo morto que renuncia ás nobres lutas do progreso e non quere ter siquera a vontade de vivir na sociedade dos verdadeiros homes.

Y esa sensazón douna, abofé. Non perdades pois a espranza. Inda sirve pra algo. Inda sirve pra dar d'un xeito tranquilo e delicado a sensazón da morte.

Pois... R. I. P.

Unha folga honrosa

A folga de telegrafistas e telefonistas foi o primeiro efecto da constitución do Gabinete maurista. (Séipase que temos o señor Maura por un home serio, un home patriota, un home honrado; pro sin ideas pra-axelitar nestes tempos, cando a realidade reclama soluzóns radicales, intellixentes e amplias). Esta folga non é ben vista por estos elementos, sóbor todo por aqueles que se sinten perjudicados n'os seus intereses. Eu efecto, ista folga acarrexa sin dúbida muitos perxulcios. Pro é unha das folgas de mais nobre fundamento e mais xusta finalidade. E unha folga en nome da dinidade colectiva, da dinidade individual d'os telegrafistas e telefonistas. O motivo d'esta folga ten que ter o refrendo dos homes sereos e pulcros de concenza: O señor Cierva—esa antigua que é unha afrenta da política europea—aldraxou os folguistas fal un ano, tratandoos como soyo se trata a criminales. Non podían facer outra cousa n'esta ocasión en que o señor Maura mostra actuar baixo a fatalidade da impenitencia, nomeando ministros a quen os homes cultos e libres repudian como se repudia a un bicho dañino.

Ou é que tratándose de honore hai en Es-

pafía castas privilexiadas que soyo elas poden invocalo, monopolizáduon?

Algunhas persoas perguntan qué é o que queren os folguistas. ¿Parécelles pouco? ¿O sempre unha luta social ou política ten de ter un móbil económico, materialista, ten de ser por caro de más ou caro de menos?

Reparen en esto os homes que tefien cabezas e pensan, que tefien corazón e sinten.

Un crimen sin nome

Andan por esta cibade da Cruña, comendo mondás de laranxa polas uñas pra non morrer de fame, uns cantos nenños botados de Madrid polas autoridades (?) d'aquela vila. Meteron no treu ós pequeninos, como quem recluta cans n'un vigón e aquí chegaron órfos de amparo, con roupinhas raiadas e sin pan que comer.

¿Pensades que esto tamén ocorre n'un país salvaxe, autre tribus primitivas e bárbaras? Non. Esto ocorre en Hespafía, soyo en Hespafía.

Estas son as soluzóns que os gobernantes centrais tefien pra os problemas nacionais.

Con esos nenos víñeron tamén, como farapos arrejados a unha esterqueira, uns velludos que foron arrancados dos seus fogares, que non tefien pan nin abrigo e que piden tamén esmola por estas rúas.

Perdoade. Pro esto non queremos comentalo. Con soyo decilo, abonda. Comentáde vos, homes de ben, homes de piedad, homes cristianos, homes de vergofia...

PFO DE BREOGÁN.

CANTO D'UN NENO

Cando a ti, nena, me acérco,
para falarche d'amor
e vexo que non me queres,
fuxo coa fonda aflicción.

Entro no bosque chorando,
e vago baixo o verdor,
que querendo consolarme
canta unha xorda canción.

O regacho cristaño
murmula con crara voz,
e quer calmar miña pena...
pero m'a deixa peor.

Antre os árbres, docemente,
canta o belo reisefior,
los seus cantos son tan tristes
que fireum'o corazón.

E así sen topar un sitio
donde calme o meu delor,
vou morrendo pouco a pouco...
poco a pouco a tumba vou.

ALVARO CEBREIRO.

DO INTIMO

Foi n'unha rúa céntrica da nosa cibade. N'unha fenestra, ollase unha bandeira galega e no meio o sagro símbolo das Irmandades.

Unha fouce sanguíñenta...

Dous pollos bien pasan.

—No mires eso; son cosas de los de la fala; ¿no ves la hoz?

E fixeron un xesto de disgusto.

¡Malpocados! Teñenlle medo; mais un medo inconsciente.

Si eles foran capaces de pensaren, lembrárianse de que son rapaces *distinguidos*.

E por se distinguiren, falaron denantes que ninguén, e siguen falando, a lingua imposta.

Eu tamén teñolle medo; mais un medo consciente.

Levo conmigo o pecado d'orixen.

O pecado de ser nado na vila qu'esquençou á aldea.

Teñolle medo i-en por iso...

Agardo o dia en qu'a fouce deixe de ser un motivo decorativo e brile com'um sol de redenzón nas mas callosas dos labregos.

¡Dia da fouce! ¡Eu agárdote!

Ainda qu'eu sexa a primeira das tuas víctimas...

UN IRMÁN.

A rebeldía xusta

Do notabre libro que tan xustas gabanzas ven conquerindo—e que os críticos poñen molto alto—; d'ese honrado e valente libro *A Voz da Raza*, (Idearium d'un aldeán), do cultísimo escritor D. Leandro Pita, collemos iste anaco:

“Advírtese no campo galego alriticante pasividade ante a adoptada indiferenza do poder central. O aldeán fai esquecemento da sua libertad, renuncia a autuacón da vontade, na testa leva imprentado o inri “sustine et abstine”. Sófrese pol-o irremediable, pero é cobardía padecere sen protesta o aldraxe do tirán, a tralla do cacique; e non a concencia, o instinto, ten d'armar a man que devolva o aldraxe e a tralla. Mais o labrego fixo voto de sometimento vergofioso; ergue os brazos en sinal de vencimentos, os seus ollos están abafados, seus belzos non deltan a protesta mais miuda... E un dia, no irto cumbe do Calvario, ofuse unha voz que interrogaba: Siñore ¿porqué me tes abandoad? E a voz que interrogaba era a voz do Nazareno, era a voz d'un Deus. E o labrego aferrollado, abafado, escarnecido, inda se non atreve a interrogare o verdugo: “¿Porque m'asovallas?”,

Emporio, estes homes do campo que surden estoicos, sereos, ante a luxuriaz que os abafa, levan dentro a rebeldía; non'a expresan porque tremen, e tremen ó cacique porque non queren ouvir a palabra do filósofo: “Tomamol-a ousadia por sinal de forza; por iso nos acobarda..” O tirán non dispon d'outra

